

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **3 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE CASTRELOS ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR. EXPTE. 2590/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de decembro de 2014 as 14.00 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

cl

3.- Propostas de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor (expediente 2590-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-11-2014, 17-11-2014, 24-11-2014, 26-11-2014 e 02-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 20-11-2014, 21-11-2014, 25-11-2014, 01-12-2014 e 02-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión de COPCISA, S.A., do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda. de Castrelos entre Avda. Portanet e Clara Campoamor por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor” (expediente 2590-440), no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	Oreco, S.A.	91,10
2	Prace, servicios y obras, S.A.	91,07
3	UTE Acevi, S.L. - Iglesias.	90,75
4	Construcciones Vales, S.L.	87,11
5	Stradia Infraestructuras, S.L.	85,60
6	Abilleira, Construcciones y Proyectos Avanzados.	85,37
7	Extraco, S.A.	83,08
8	Construccións, Obras e Viais, S.A.	82,72
9	Oresa, S.A.	81,79
10	Construcciones Orega, S.L.	78,80
11	Narom, S.L.	77,91
12	Excavaciones y obras melchor, S.L.	77,25
13	Unika, Proyectos y Obras, SAU.	75,35
14	Desmaco, S.L.	72,77
15	Construcciones Ramírez, SLU.	63,77

16	Hordescon, S.L.	58,90
17	Emergis Construcción, S.L.	56,93
18	Movimiento de áridos y construcciones Arosa, S.L.	54,82
19	Arias Hermanos construcciones, S.A.	54,43
20	Obras y construcciones Dios, S.A.	53,35

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 681,96 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a tres de decembro do ano dous mil catorce.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.